

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014544	IES Indalecio Pérez Tizón	Tui	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Literatura Galega do SXX e a Actualidade	1º Bac.	4	140

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	28

## 1. Introducción

Esta nova materia optativa de primeiro de bacharelato pretende que o alumnado galego poida ampliar a súa bagaxe cultural sobre a comunidade da que forma parte, analizar de forma crítica a súa realidade e mellorar, así, as súas posibilidades comunicativas e estéticas.

Por iso, alén da ampliación de coñecementos literarios tamén se debe fomentar a utilización de procedementos, técnicas, habilidades e estratexias que o axuden na análise, na investigación, no desenvolvemento do xuízo crítico e na reutilización da información, aplicables non só no campo literario, senón tamén noutros ámbitos do saber e en situacións da súa vida diaria.

Neste contexto, a lectura considérase unha actividade imprescindible, entendida como acción complexa que implica comprender, explicar, analizar, interpretar e valorar a obra literaria, de forma que se perciba como algo vivo, creativo e lúdico, que conforme lectoras/es reflexivas/os e respectuosas/os cara a todas as manifestacións literarias, artísticas e de pensamento ou opinión. A escolla de lecturas e temáticas próximas á sensibilidade da mocidade facilitará, sen dúbida, o establecemento de relacións entre obras a nivel contextual, textual e estético. Non se vai propoñer ningunha obra de lectura obrigatoria porque en cada xénero traballarase cunha antoloxía de textos seleccionada polo profesorado para que o alumnado teña unha visión máis ampla e así poida achegarse a moitas perspectivas e moitas obras e logo poida desenvolver o seu propio itinerario lector.

Tamén será fundamental propiciar traballos da aula (proxectos colectivos, exposicións orais...) que estimulen as inquiredanzas literarias do alumnado e fomenten a creatividade, o espírito crítico, a escoita e o respecto polas distintas ideas e opinións sobre unha obra, a autoría ou un tema. O desenvolvemento destas actitudes conseguirá non só que os alumnos e as alumnas afonden nos seus coñecementos literarios, senón tamén que enriquezan a súa personalidade como persoas responsables, críticas e tolerantes, que sexan quen de expor as súas ideas de xeito argumentado e de captar e aceptar as opinións dos demais.

A materia centrarase especialmente na análise, comparación e comentario de textos narrativos, ensaísticos, poéticos e teatrais do século XX e da actualidade, así como na relación destes con outras artes. Farase un percorrido polas obras literarias máis representativas das tres etapas en que dividimos este período (dende comezos do século XX ata 1936, de 1936 ata 1975 e de 1975 ata a actualidade). Unha periodización que vén determinada polos acontecementos históricos que marcaron a sociedade e a produción literaria do século XX (a Guerra Civil, a implantación do réxime franquista e a chegada da democracia).

Con todo, cómpre ter en conta que durante a etapa do bacharelato, o alumnado cursa Lingua Galega e Literatura, co cal adquire unha visión xeral da creación literaria desta época. Por tanto, para desenvolver esta materia débese partir da materia común, de forma que non se produza unha redundancia de contidos e se favoreza o afondamento na formación literaria do alumnado.

A materia de Literatura Galega do Século XX e da Actualidade preséntanse distribuída en seis unidades didácticas:

- A primeira, "Aspectos comúns", é unha unidade na que o alumnado realizará un achegamento inicial a textos significativos do século XX e da actualidade, identificando neles aspectos formais e temáticos. Posteriormente, analizará a estrutura xeral das obras narrativas, líricas, ensaísticas e dramáticas. A perspectiva de xénero terá unha presenza significativa, tanto á hora de analizar o canon como de valorar as temáticas literarias que abordan a perspectiva feminista nesta época. Analizarase a relación entre os textos literarios galegos actuais e os textos da literatura lusófona, recoñecendo os trazos propios da nosa cultura literaria. Alén disto, afondarase na influencia das obras literarias de autoras/es galegos do século XX no cinema e na música, pondo de manifesto a relación existente entre a literatura e as demais artes. Por último, o alumnado realizará un microrrelato após analizar obras deste tipo en autores actuais e un traballo de investigación sobre unha obra narrativa correspondente a este período literario seleccionada pola propia alumna/o.

- A segunda, "Narrativa", inclúe, entre outros aspectos, as principais características do relato (estrutura, técnicas, extensión) e os trazos definitorios da novela (tipos de narrador, perso-naxes, espazo e tempo). Analizaranse os seus paradigmas, contextos e influencias, comparanse textos narrativos dos séculos XX e XXI, realizaranse críticas literarias ademais dun encontro presencial cunha escritora do século XXI que virá falar da súa obra dende unha perspectiva de xénero. Por último e como mostra das aprendizaxes adquiridas, elaborarse unha peza narrativa de

forma grupal.

- A terceira, "Ensaio", atenderá aos paradigmas, contextos e influencias do ensaio galego deste período e a outros aspectos salientables do xénero en función da temática, tipoloxía etc. Presentaranse as características e daranse exemplos de distintos tipos de ensaios literarios (biografías, libros de viaxe, memorias, diarios, críticas literarias) e xornalísticos (artigos de opinión, crónicas, entrevistas). Tamén se proporá a realización dun proxecto de investigación sobre o auxe do ensaio galego nas últimas décadas e, en concreto, sobre a obra ensaística de Francisco Fernández del Riego. Por último, recrearase ou crearase un texto ensaístico sobre Galicia utilizando estratexias de procura e selección das ideas máis relevantes en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación.

- A cuarta, "Poesía", abordaranse os paradigmas, contextos e influencias da poesía galega deste período e iranse concretando aspectos como a periodización, motivos, formas etc. a través da comparación de poemas en distintas linguas e de diferentes épocas e/ou temáticas. Así mesmo, proporase a realización dunha exposición oral sobre un poema escollido pola/o alumna/o, e a recreación ou creación dun texto poético en forma de videopoema, seguindo modelos dados e aplicando as pautas indicadas no obradoiro de poesía organizado para o seu grupo. Por último, tamén se incidirá na expresión da experiencia lectora e no establecemento de vínculos entre algúns textos e distintos asuntos da actualidade (machismo, feminismo, identidade de xénero etc.).

- A quinta, "Teatro", acometerá a análise dos paradigmas, dos contextos e das influencias do teatro galego desta época. Comentaranse e compararanse fragmentos de pezas dramáticas pertencentes a tres temáticas diferenciadas (costumista, social e histórica) escritas na primeira metade do século XX. Coñeceranse os trazos distintivos da traxedia, da comedia e do drama. Abordaranse os seguintes aspectos do feito teatral: o espazo escénico-escenográfico; o deseño da personaxe (vestiario, máscara e maquillaxe); o espazo sonoro, o deseño de iluminación e os recursos audiovisuais e finalmente, o traballo actoral e os códigos interpretativos. Valorarase o teatro como medio de comunicación colectivo e como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais. Finalmente, crearase un acto teatral que se incorporará a unha publicación colectiva que se divulgará nas redes sociais do EDLG.

- A sexta, "A literatura e outras artes", xira arredor das relacións, influencias e producións híbridas de literatura e outras manifestacións artísticas, que van desde o cinema, a música, as artes plásticas ou a fotografía, ata a banda deseñada e as novas tecnoloxías. Nela o alumnado desenvolverá un pequeno proxecto de investigación que terá como froito unha mostra virtual da relación da literatura galega da nosa época coas diferentes manifestacións artísticas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Realizar unha análise detallada do xénero narrativo, poético, teatral e ensaístico e estudar a relación que existe entre a literatura e outras manifestacións artísticas.	2-4	3		1	12-50			1-2-31-42
OBX2 - Ler obras da literatura galega do século XX e da actualidade pertencentes aos catro xéneros literarios (narrativa, poesía, teatro e ensaio), atendendo tanto ás relacións internas dos elementos constitutivos de cada xénero e as súas funcións nas obras como ás relacións externas das obras co seu contexto de produción e a súa inscrición na tradición cultural galega.	4	3		1-3	11	1		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Seleccionar con criterio propio e coa consulta de recomendacións especializadas aquelas obras literarias que mellor se axustan aos gustos, intereses e necesidades persoais da xuventude para facilitar a relación coa obra literaria a nivel contextual, textual e estético.	2-3-4	3	1	1-3	11-12			1-2
OBX4 - Establecer vínculos entre obras literarias da literatura galega do século XX e da actualidade coas obras literarias da tradición lusófona, española e universal para constatar a existencia de universais temáticos, tipoloxías de personaxes e canles formais recorrentes ao longo da historia, e recoñecer semellanzas e diferenzas en función dos seus respectivos contextos de produción e da interrelación entre literatura e sociedade.	2-3-4-5	1-2-3	4	1	11-50	1-2-3	1-2	41-42
OBX5 - Empregar as capacidades expresivas e creativas necesarias para a recreación ou creación de textos literarios, utilizando os elementos que configuran cada un dos catro xéneros, así como diferentes técnicas para compor a acción, o deseño de personaxes e a configuración de situacións e escenas.	1-5	1-2	3-4	3	11-12-32-50	3	3	31-32-41-42
OBX6 - Participar na construción dun canon literario galego, que integre a perspectiva de experiencia das mulleres a través da lectura para establecer contrapuntos de interese, respecto e sensibilidade face a outras voces e para desenvolver o pensamento crítico a respecto da construción discursiva do mundo e os seus imaxinarios.	2-3-4-5	3	3-4	1-3	11-32-40	1-2-3	3	1-2

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aspectos comúns	<p>Nesta primeira unidade, o alumnado interpretará textos significativos do século XX e da actualidade; posteriormente, analizará a estrutura xeral das obras narrativas, líricas, ensaísticas e dramáticas. Iniciaremos a materia cunha análise dunha obra narrativa do século XX e do contexto sociocultural en que se insire. A perspectiva de xénero terá unha presenza significativa, tanto á hora de analizar o canon, como de valorar as temáticas literarias feministas do século XX e XXI. Analizarase a relación entre os textos literarios galegos actuais e os textos da literatura lusófona. Afondarase na influencia das obras</p>	10	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aspectos comúns	literarias de autoras/es galegas/os no cinema e na música, pondo de manifesto a relación existente entre a literatura e as demais artes. O alumnado fará un microrrelato que se incorporará a unha publicación colectiva para a web. Finalmente, elaborará un traballo de investigación sobre unha obra narrativa seleccionada pola propia alumna/o.	10	13	X		
2	Poesía	Nesta cuarta unidade abordarase a produción poética galega, desde comezos do século XX ata a actualidade. Logo de coñecer e analizar os paradigmas, contextos e influencias da poesía galega, iranse concretando outros aspectos fundamentais como a periodización, motivos, formas... a través da comparación de poemas en distintas linguas (galego, portugués e castelán), épocas e temáticas. Propiciarase, en todo momento, a implicación activa do alumnado, tanto individualmente como en grupo. Proporase o recitado e a realización dunha exposición oral sobre unha poesía escollida pola/o alumna/o, e tamén a recreación ou creación dun poema seguindo modelos dados e aplicando as pautas indicadas no obradoiro de poesía organizado para o grupo. Por outra banda, tamén se incidirá na expresión da experiencia lectora e no establecemento de vínculos entre algúns textos e distintos asuntos da actualidade (machismo, feminismo, identidade de xénero etc.)	20	34		X	
3	Narrativa	Comezaremos na unidade dúas a parte do curso dedicada á análise de cada un dos xéneros, neste caso, pola narrativa. Analizaranse os seus paradigmas, contextos e influencias que se recollerán nun esquema. Compáranse textos narrativos dos séculos XX e XXI. Estudaranse os trazos definatorios do conto e da novela. Realizaranse críticas literarias e un encontro presencial cunha escritora do século XXI que virá falar da súa obra dende unha perspectiva de xénero. Por último e como mostra das aprendizaxes adquiridas, elaborárase unha peza narrativa de forma grupal.	20	34	X		
4	Ensaio	Nesta terceira unidade abordarase a produción ensaística galega, desde comezos do século XX ata a actualidade. Logo de coñecer e analizar os paradigmas, contextos e influencias do ensaio galego deste período, iranse concretando outros aspectos salientables do xénero en función	15	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Ensaio	da temática, tipoloxía etc. Presentaranse as características e daranse exemplos de distintos tipos de ensaios literarios (biografía, libros de viaxe, memorias, diarios, críticas literarias) e xornalísticos (artigos de opinión, crónicas, entrevistas). Incidirase sobre todo nas biografía e críticas literarias e nos artigos de opinión e as entrevistas. Alén diso tamén se propoñerá a realización dun proxecto de investigación sobre o auge do ensaio galego na últimas décadas e a obra ensaística de Francisco Fdez. del Riego e se recreará ou creará un texto ensaístico sobre Galicia utilizando estratexias de procura e selección das ideas máis relevantes en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación.	15	10		X	
5	Teatro	Nesta quinta unidade abordarase a produción teatral galega deste período. Analizaranse os paradigmas, os contextos e as influencias do teatro galego. Compararanse fragmentos de pezas dramáticas pertencentes a tres temáticas diferenciadas (costumista, social e histórica) escritas na primeira metade do século XX. Abordaranse os trazos distintivos da traxedia, da comedia e do drama en pezas dramáticas de diversa complexidade. Estudaranse varios aspectos do feito teatral: o espazo escénico-escenográfico; o deseño da personaxe (vestiario, máscara e maquillaxe); o espazo sonoro, o deseño de iluminación, os recursos audiovisuais e finalmente, o traballo actoral e os códigos interpretativos. Valorarase o teatro como medio de comunicación colectivo e como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais. Crearase un acto teatral que se incorporará a unha publicación colectiva que se divulgará nas redes do EDLG e finalmente, tratarase de escenificar esa peza teatral.	20	31			X
6	Relacións con outras artes	A sexta e última unidade do curso céntrase na relación entre a literatura e as outras artes con especial atención ao cinema, a música, as artes plásticas, a fotografía, a banda deseñada e as novas tecnoloxías. Analizaranse as súas relacións, influencias e producións, así como tamén as diferenzas entre as distintas manifestacións artísticas dun mesmo texto literario. Por último, o grupo-aula desenvolverá un pequeno proxecto de investigación que terá como	15	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Relacións con outras artes	froito unha mostra virtual da relación da literatura galega da nosa época coas diferentes manifestacións artísticas.	15	18			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aspectos comúns	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Ler e interpretar textos significativos do século XX e da actualidade, identificar neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoralos como expresión da sensibilidade autoral e da identidade cultural de Galicia.	O alumnado interpreta textos significativos do século XX e da actualidade e identifica aspectos formais e temáticos neles.	PE	45
CA1.2 - Analizar os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan.	O alumnado analiza a estrutura xeral das obras narrativas, líricas, ensaísticas e dramáticas, reflexionando sobre os seus elementos intratextuais e extratextuais.		
CA1.3 - Estudar a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecer as influencias literarias e non literarias presentes nela.	O alumnado indica a relación existente entre unha obra narrativa do século XX e o contexto sociocultural en que se insire. Recoñece as influencias literarias e non literarias presentes nesa obra narrativa.		
CA1.5 - Analizar a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas (lusófona, española e universal), e explicar as conexións formais e temáticas existentes entre eles, distinguindo os trazos propios da nosa cultura literaria.	O alumnado analiza a relación entre textos literarios galegos actuais e textos da literatura lusófona, recoñecendo os trazos propios da nosa cultura literaria.		
CA1.6 - Estudar a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música etc.) e describir influencias e hibridacións.	O alumnado describe a influencia das obras literarias de autoras/es galegos do século XX no cinema e na música.		
CA1.9 - Participar na construción dun canon literario galego, que integre a perspectiva de experiencia das mulleres.	O alumnado reflexiona sobre o actual canon literario galego, integrando a perspectiva feminina.		
CA1.4 - Valorar a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores e como medio de enriquecemento persoal.	O alumnado valora as temáticas literarias do século XX e da actualidade que abordan a perspectiva de xénero e visibilizan o universo feminino.	TI	55



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Elaborar traballos de investigación escritos, orais ou multimodais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada.	O alumnado elabora un traballo de investigación sobre unha obra narrativa seleccionada pola propia alumna/o da autoría dunha escritora ou escritor deste período literario (século XX-XXI). Emprega fontes bibliográficas e dá unha opinión persoal argumentada.		
CA1.8 - Crear textos persoais ou colectivos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.	O alumnado crea un microrrelato tras analizar obras deste tipo en autores actuais e incorpóroa a unha publicación colectiva que se divulgará na páxina web do centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura e interpretación de textos significativos do século XX e da actualidade, descrición neles dos aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoración destes como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.</li> <li>- Análise dos elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como da estrutura e a técnica que os sustentan.</li> <li>- Estudo da relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecemento das influencias literarias e non literarias presentes nela.</li> <li>- Valoración da pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.</li> <li>- Análise da relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e descrición das conexións formais e temáticas existentes entre eles.</li> <li>- Estudo da relación entre a obra literaria e outras artes (cinema, pintura, música etc.) e descrición de influencias e hibridacións.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación escritos, orais ou multimodais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias e cunha opinión persoal argumentada.</li> <li>- Creación de textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Poesía	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	O alumnado coñece os paradigmas, os contextos e as influencias máis salientables da poesía galega do século XX e da actualidade.	PE	50
CA3.3 - Estudar o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos.	O alumnado comenta o contido de tres poemas que sexan representativos destes tres períodos: un anterior a 1936, un escrito entre 1936 e 1975 e un posterior a 1975.		
CA3.4 - Estudar a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento).	O alumnado analiza, en tres poemas representativos da literatura galega do século XX e XXI, o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e de pensamento).		
CA3.6 - Valorar a poesía como expresión estética dos sentimentos, ideas e inquietudes da persoa sobre o mundo que a rodea.	O alumnado establece vínculos entre algúns temas presentes na obra de poetisas da época actual (as mudanzas do universo feminino e masculino, o erotismo, a sexualidade...) e aspectos da actualidade.		
CA3.2 - Comentar e comparar textos poéticos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos da tradición lusófona, española e universal e describir a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	O alumnado compara tres poemas de temática social escritos na segunda metade do século XX (un en galego, un en portugués e un en español).	TI	50
CA3.5 - Realizar lecturas e/ou exposicións orais ou escritas sobre obras poéticas da literatura galega do século XX e actualidade	O alumnado recita e realiza unha breve exposición oral sobre un poema representativo da poesía galega do século XX ou da actualidade escollido por el/a mesmo/a.		
CA3.7 - Recreación e creación de textos poéticos, utilizando os elementos que configuran o xénero, así como diferentes técnicas para compor o poema.	O alumnado participa activamente no obradoiro de poesía organizado para o grupo, e recrea un poema da súa elección a través dun videopoema, utilizando os elementos e as técnicas de composición do xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.</li> <li>- Comparación dalgúns textos poéticos da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística.</li> <li>- Estudo do fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos.</li> <li>- Estudo da forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento)</li> <li>- Recomendación de lecturas de poemas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e formatos dixitais para o fomento da poesía: o videopoema.</li> </ul>

### Contidos

- Creación de textos poéticos a partir das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre as obras lidas e aspectos da actualidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Narrativa	34

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias.	O alumnado indica nun esquema as principais etapas da narrativa galega dos séculos XX e XXI, as características fundamentais de cada unha delas e tres obras salientables en cada un destes períodos.	PE	20
CA2.4 - Estudar a novela e describir os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.	O alumnado indica as principais características que definen a novela nun texto galego deste xénero do século XX da súa elección.		
CA2.2 - Comentar e comparar textos narrativos da literatura galega do século XX e da actualidade, e describir a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	Dado un texto narrativo do século XX e outro do século XXI seleccionados pola profesora, o alumnado realiza unha clasificación cronolóxica xustificada baseándose tanto no aspecto temático como formal.	TI	80
CA2.3 - Estudar o relato e sinalar as súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.	No seu caderno dixital, o alumnado indica as principais características que definen o relato nun texto que sexa representativo do xénero.		
CA2.5 - Realizar exposicións orais ou escritas acerca de relatos ou novelas coa axuda de medios audiovisuais e das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, expresando as propias opinións e seguindo un esquema preparado previamente.	O alumnado, nun vídeo de dous minutos, realiza unha crítica do mesmo relato analizado para o CA2.3 seguindo un esquema facilitado pola profesora.		
CA2.6 - Elaborar comentarios críticos ou recensións de textos narrativos, xa sexan orais, escritos ou multimodais, participar en debates ou mesas redondas sobre lecturas, nas que se incorpore a perspectiva de xénero así como calquera outro discurso de interese na nosa sociedade.	Levarase a cabo un encontro presencial ou virtual cunha autora galega representativa en canto á nova perspectiva de xénero na narrativa. O alumnado participa activamente no encontro literario coa escritora ou nunha mesa redonda de aula posterior ao encontro.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Recreación e creación de textos narrativos, utilizando os elementos que configuran o xénero, así como diferentes técnicas para compor a acción, o tempo, o deseño de personaxes e a configuración de espazos.	O alumnado, en grupos de 4, elabora unha peza narrativa textual ou multimodal que conteña un conflito emocional nunha personaxe adolescente. Nela aparecerán técnicas estudadas para a composición da acción, do tempo e do deseño de personaxes e tamén da configuración de espazos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da narrativa galega do século XX e da actualidade, e descrición dos seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.</li> <li>- Comparación dalgúns textos narrativos da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística.</li> <li>- Estudo do relato e descrición das súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.</li> <li>- Estudo da novela e descrición dos seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.</li> <li>- Recomendación de lecturas de textos narrativos en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais</li> <li>- Creación de textos narrativos a partir das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Ensaio	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Analizar o ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	O alumnado coñece os paradigmas, os contextos e as influencias máis salientables do ensaio galego do século XX e da actualidade.	PE	45
CA5.3 - Analizar diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografía, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias).	O alumnado analiza a forma e o contido de diferentes tipos de ensaios literarios: unha biografía e unha crítica literaria.		
CA5.4 - Analizar diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas, diferenciando información e opinión.	O alumnado analiza a forma e o contido de diferentes tipos de ensaios xornalísticos, distinguindo entre opinión e información: un artigo de opinión e unha entrevista.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comentar e comparar textos ensaísticos da literatura galega do século XX e da actualidade e describir a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	O alumnado comenta e compara textos ensaísticos de diferentes autoras/es da literatura galega sobre temática sociolingüística.	TI	55
CA5.5 - Realizar un proxecto de investigación sobre o ensaio como xénero emerxente na literatura galega no século XX.	O alumnado realiza un proxecto colectivo sobre o auge do ensaio no s. XX e exemplifica este fenómeno coa presentación da abondosa produción ensaística de Fdez. del Riego. O traballo debe incluír información pertinente, ser coherente, estar ben estruturado e non ter erros lingüísticos. salientables.		
CA5.6 - Recreación e creación de textos ensaísticos, utilizando os elementos que configuran o xénero.	O alumnado recrea ou crea un texto ensaístico sobre Galicia, utilizando estratexias de procura e selección das ideas máis relevantes en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise do ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.</li> <li>- Comparación dalgúns textos ensaísticos da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística.</li> <li>- Análise de diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografía, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias.</li> <li>- Análise de diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas.</li> <li>- Selección de obras ensaísticas coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis relevantes en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Teatro	31

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	O alumnado coñece e analiza os paradigmas, os contextos e as influencias do teatro galego do século XX e da actualidade.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Analizar o teatro desde a súa compoñente literaria e caracterizar a traxedia, a comedia e o drama do período.	O alumnado coñece os trazos distintivos da traxedia (o ser humano, o destino e a ética) , da comedia (humor compracente e humor crítico) e do drama (liberdade individual e convencións sociais) e sabe localizalos en pezas dramáticas de diversa complexidade.		
CA4.4 - Analizar o teatro como espectáculo e describir o funcionamento dos elementos e axentes escénicos.	O alumnado reconece os seguintes aspectos do feito teatral: o espazo escénico-escenográfico; o deseño da personaxe (vestiario, máscara e maquillaxe); o espazo sonoro, o deseño de iluminación e os recursos audiovisuais e finalmente, o traballo actoral e os códigos interpretativos.		
CA4.5 - Valorar a especificidade do teatro como medio de comunicación colectivo e como enriquecemento cultural da sociedade.	O alumnado valora o teatro como medio de comunicación colectivo e como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais.		
CA4.2 - Comentar e comparar textos teatrais da literatura galega do século XX e da actualidade e describir a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	O alumnado comenta e compara fragmentos de pezas dramáticas pertencentes a tres temáticas diferenciadas e escritas na primeira metade do século XX. Un fragmento de temática costumista, outro de carácter social e un último de índole histórica.	TI	40
CA4.6 - Recreación e creación de textos narrativos, utilizando os elementos que configuran o xénero, así como diferentes técnicas para compor a acción, o deseño de personaxes e a configuración de escenas.	O alumnado crea un acto teatral que se incorporará a unha publicación colectiva que se divulgará nas redes sociais do EDLG.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise do teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.</li> <li>- Comparación dalgúns textos teatrais da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística.</li> <li>- Análise do teatro desde a súa compoñente literaria e caracterización da traxedia, a comedia e o drama do período, destacando os trazos distintivos dos distintos subxéneros literarios.</li> <li>- Análise do teatro como espectáculo e descrición do funcionamento dos elementos e axentes escénicos.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos teatrais a partir das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre as obras lidas e aspectos da actualidade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Relacións con outras artes	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cinema.	O alumnado compila e analiza exemplos de influencias da literatura no cinema nos séculos XX e XXI (mínimo cinco) e ve un filme baseado nunha obra literaria galega.	TI	100
CA6.2 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.	O alumnado compila e analiza vídeos de textos literarios galegos que estean musicados no século XXI (mínimo 10 diferentes).		
CA6.3 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.	O alumnado compila e analiza cinco exemplos de producións híbridas de literatura e pintura sendo algunha deles da Xeración Nós.		
CA6.4 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía.	O alumnado confecciona un fotopoema de tema paisaxístico atendendo ás especificidades do xénero.		
CA6.5 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.	O alumnado compila e analiza exemplos de animación de textos literarios (mínimo tres).		
CA6.6 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.	O alumnado compila e analiza exemplos de hibridación da literatura e as novas tecnoloxías (mínimo tres).		
CA6.7 - Establecer relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de maneira crítica algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, similitudes e diferenzas entre as diferentes linguaxes expresivas.	O alumnado analiza nunha táboa as diferenzas entre as distintas manifestacións artísticas dun mesmo texto literario.		
CA6.8 - Valorar o coñecemento das distintas artes como manifestacións de natureza social, cultural e artística posuidoras de códigos específicos e significativamente diferenciadores.	O alumnado, na mostra virtual, valora o coñecemento das distintas artes como manifestacións de natureza social, cultural e artística.		
CA6.9 - Desenvolver proxectos de investigación que dean lugar a unha exposición oral e a unha presentación multimodal arredor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre obras dos distintos xéneros da literatura galega con outras manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, personaxes, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e que amose a implicación e a resposta persoal do lector ou lectora na obra.	O alumnado crea, en gran grupo, unha mostra virtual, o máis completa posible, da relación entre a literatura galega e as outras artes ao longo dos séculos XX e XXI.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

## Contidos

- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cinema.
- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.
- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.
- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía.
- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.
- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Recoñecemento das principais características das distintas linguaxes artísticas.
- Mobilización da propia experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre as obras lidas con outros textos e manifestacións artísticas, incluídas prácticas culturais emerxentes.
- Participación activa no circuío literario e cultural nun contexto presencial e dixital.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios metodolóxicos da Literatura Galega do Século XX e da Actualidade baséanse nunha aprendizaxe activa e colaborativa, de maneira que o alumnado teña o maior protagonismo, tanto individualmente como en grupo. Cómpre ter en conta que nos traballos cooperativos, as/oa alumnas/os deben organizarse, seleccionar e intercambiar información e opinións, o que non só favorece a aprendizaxe dos contidos literarios do curso, senón tamén a súa capacidade crítica e o seu desenvolvemento como persoa, un dos grandes obxectivos desta materia.

A metodoloxía de Literatura do Século XX e da Actualidade concrétese nas seguintes liñas de actuación:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo. Como se indicou, a metodoloxía deberá ser activa e participativa, de maneira que fomente a creatividade e o espírito crítico a través da investigación, da análise e do comentario de fragmentos e obras literarias de cada modalidade ou xénero textual, tendo en conta as interrelacións existentes entre os contextos socioculturais en que se producen as ditas obras, así como as formas e os contidos destas.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. O profesorado que guíe estes proxectos didácticos debe propiciar a cooperación e o reparto equitativo de tarefas entre os alumnos e alumnas participantes. A escenificación dunha peza teatral, a realización dun programa de radio sobre literatura ou a gravación dunha curtametraxe a partir dunha obra literaria son accións que requiren esforzo conxunto, toma de decisións, respecto pola opinión dos demais e outras dinámicas positivas que enriquecerán o desenvolvemento da personalidade adulta do alumnado.
- A atención á diversidade e a detección e prevención das dificultades de aprendizaxe ou outros problemas que se adoitan manifestar no ámbito escolar. Alén de reforzar os contidos académicos cunha atención máis individualizada ás/aos estudantes que o precisaren, a clase de literatura galega, a través da lectura e comentario de textos escollidos, pode converterse nunha canle de expresión das distintas problemáticas que lles poden afectar ás alumnas e aos alumnos dunhas aulas cada vez máis diversas (identidade de xénero, adaptación sociocultural, acoso escolar, violencia doméstica...).
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A proposta de lecturas e comentarios de textos de distinta temática e tipoloxía (ensaísticos,



xornalísticos...) non só servirá para reforzar a adquisición das destrezas lingüísticas e outros saberes interdisciplinarios; senón que tamén serán fundamentais para achegar aspectos singulares da realidade sociocultural galega e acordar a capacidade crítica nun alumnado que debe saber interpretar a información dos medios e identificar bulos e noticias falsas.

- A proposta de obras e fragmentos literarios atendendo ás preferencias do público xuvenil e aos valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos (a igualdade de entre homes e mulleres, a paz, a solidariedade...) e a conciencia ambiental (a sustentabilidade do planeta, a conservación do medio natural, o benestar animal...). Tampouco se debe esquecer a abordaxe de textos desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os faladoiros e clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

- O coñecemento e a posta en valor de todos os axentes culturais relacionados coa literatura galega do século XX e XXI. Poderanse promover iniciativas que permitan afondar e difundir as figuras máis destacadas nos distintos ámbitos: a organización de entrevistas con escritores/as, ilustradores/as, contacontos, regueifeiros/as, a participación en roteiros literarios por distintos lugares da xeografía galega, así como o desenvolvemento de traballos de investigación (exposicións, monográficos, compilacións etc.) en formato analóxico ou dixital (realidade aumentada, códigos QR...).

- O fomento da interdisciplinidade co fin de complementar o estudo e desfrute das obras literarias. O traballo conxunto co profesorado e alumnado das disciplinas máis vinculadas ás artes (Educación Musical, Artes Escénicas...) axudará a explorar novos camiños de interpretación e profundar nos vínculos entre a literatura galega e outras manifestacións artísticas. Poderanse propor actividades en que se combinen, por exemplo, a poesía e a música (poemas musicados, videopoemas, raps, videoclips), a poesía e a expresión plástica (concursos de poemas ilustrados asociados a imaxes, fotografías...), e a novela e o cinema (dobre de películas, sesións de cinefórum sobre filmes baseados en novelas que se levaron á gran pantalla etc.).

- A expresión e difusión dos gustos propios sobre as experiencias de lectura a través de distintos medios e soportes. A revista do centro (recensións, artigos...), a radio escolar (podcasts, sección de recomendacións lectoras, programas de literatura...), a TV escolar (coloquios, conversas con escritores/as), as redes sociais ou as plataformas dixitais (booktráilers, booktubers ...) serán espazos axeitados para que o alumnado vaia perfilando a súa identidade lectora e manifieste as súas opinións, tanto sobre os textos traballados na aula, como doutras lecturas que foren do seu interese.

- A potenciación da creatividade literaria oral e escrita través de distintas canles, fomentado os produtos audiovisuais e a divulgación a través das TIC. Poderanse propor concursos virtuais de microrrelatos, micropoemas, micropílulas teatrais para difundir en dispositivos móbiles, relatos en banda deseñada creados con aplicacións informáticas, curtas de animación gravadas coa técnica "stop motion" ou retos e xogos interactivos como o "escape room". Cómpre incidir especialmente na recuperación e actualización temática da regueifa e outras mostras da tradición oral galega próximas ao repentismo ou ao "feestyle rap" de tanta aceptación entre a mocidade actual. Poderanse organizar concursos, obradoiros, festivais intercentros que teñan como protagonista a regueifa e outras formas de improvisación oral en verso presentes en Galicia e noutras comunidades.

- A énfase na interterritorialidade e a lectura comparada de textos literarios e non literarios de autoras e autores galegos do século XX e XXI con outros coetáneos de escritoras e escritores portugueses e tamén cataláns e vascos. O coñecemento de manifestacións literarias doutros territorios, con especial atención a Portugal e as comunidades lusófonas, servirá tamén para profundar en distintas realidades socioculturais e lingüísticas. A organización de iniciativas conxuntas (concursos, exposicións...) ou os intercambios presenciais ou virtuais con alumnado que curse un nivel similar da materia en centros portugueses poden resultar actividades moi atractivas para o alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Carballo Calero, Ricardo (2020). Historia da literatura galega contemporánea. Vigo: Galaxia.

Casares Mouriño, Carlos (2007). Á marxe. Vigo: Galaxia.
Costas González, Xosé Henrique (Coord.): (2009). 55 mentiras sobre a lingua galega. Santiago de Compostela: Laiovento.
Díaz-Castroverde, Fernando (2011). Microbios e outros paquidermos. Vigo: Galaxia.
Fernández del Riego, Francisco (1971). Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia.
Fernández del Riego, Francisco (1984). Historia da literatura. Vigo: Ir Indo.
Fernández del Riego, Francisco (1990). Diccionario de escritores. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
Fernández del Riego, Francisco (1994). Galicia. Vigo: Xerais.
Fernández del Riego, Francisco (1996). A xeración Galaxia. Vigo: Galaxia.
Fernández del Riego, Francisco (2000). A pegada das viaxes. Vigo: Ir Indo.
Formoso Gosende, Valentina (2013). Do estigma á estima. Vigo: Xerais.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1997). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela: Laiovento.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo: Xerais.
Lourenzo, Manuel & Pillado Mayor, Francisco (1979). O teatro galego. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
Lourenzo, Manuel & Pillado Mayor, Francisco (Coords.): (1982). Antoloxía do teatro galego. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
Martínez Risco, Vicente (1933). Nós, os inadaptados. Nós (revista), (115), 115-123.
Martínez Risco, Vicente (2009). Mitteleuropa. Vigo: Galaxia.
Moure Pereiro, Teresa (2005). A palabra das fillas de Eva. Vigo: Galaxia.
Morán Fraga, César (1999). Río de son e vento: Antoloxía de poesía galega. Vigo: Xerais
Murado López, Miguel-Anxo (2022) Outra idea de Galicia. Barcelona: Debate.
Moure Pereiro, Teresa (2005). Outro idioma é posible: na procura dunha lingua para a humanidade. Vigo: Galaxia.
Nogueira Pereira, M <sup>a</sup> Xesús (2017). Antoloxía da poesía galega próxima. Madrid: Chan da pólvora & Papelesmínimos.
Núñez Sabarís, Xaquín (2014). Convergencias actuais entre o teatro galego e o portugués: construíndo un teatro do aquí. 1616: Anuario de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada, (4), 77-106.
Núñez Singala, Manuel (2009). En galego, por que non? Vigo: Galaxia.
Núñez Singala, Manuel (2017). Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta. Vigo: Galaxia.
Otero Pedrayo, Ramón (2019). Ensaio histórico da cultura galega. Vigo: Galaxia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2014). Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Galaxia. Vigo.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2016). Historia da literatura galega III. De 1916 a 1936. Xerais. Vigo
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2019). Historia da literatura galega IV. De 1936 a 1975. A "longa noite". Vigo: Xerais.
Reis, Carlos (Coord.): (1989). Literatura Portuguesa Moderna e Contemporânea. Lisboa: Universidade Aberta.

Rodríguez Castelao, Daniel (2004). Sempre en Galiza. Vigo: Galaxia.
Rodari, Gianni (2017). Contos por teléfono. Pontevedra: Kalandraka Editora.
Vieites García, Manuel F. (Coord.): (2007). Cento vinte e cinco anos de teatro en galego. No aniversario da estrea de A fonte do xuramento 1882-2007. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
Vilavedra Fernández, Dolores (coord.) (1995-2004). Dicionario da literatura galega. Vigo: Galaxia.
Asociación de Escritores en Lingua Galega. ( <a href="https://www.aelg.gal/">https://www.aelg.gal/</a> )
Vilavedra Fernández, Dolores (1999). Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia.
Villalta, Luísa (1999). O outro lado da música, a poesía. Relación entre ambas artes na historia da literatura galega. Vigo: A nosa terra.
WEBS
Aulas Galegas. Galego ( <a href="https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/">https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/</a> )
A historia da Banda Deseñada galega ( <a href="http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710">http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710</a> )
A sega. Plataforma de crítica galega ( <a href="http://www.asega-critica.net/">http://www.asega-critica.net/</a> )
Catálogo de novela histórica galega ( <a href="https://illa.udc.gal/novelahistoricagalega/index.html">https://illa.udc.gal/novelahistoricagalega/index.html</a> )
Ciberlusofonia. "Poesía útil" e literatura de resistencia: <a href="https://sites.google.com/site/ciberlusofonia/PT/literatura-portuguesa/literatura_engajada_PTsecXX">https://sites.google.com/site/ciberlusofonia/PT/literatura-portuguesa/literatura_engajada_PTsecXX</a>
Neeumatiko. Literatura Galega das ABAU (selectivo 2º de bacharelato). Canle de youtube. ( <a href="https://youtube.com/playlist?list=PLZuHjXfhBSwDd8TiGOhoe5CeHsncd10EW">https://youtube.com/playlist?list=PLZuHjXfhBSwDd8TiGOhoe5CeHsncd10EW</a> )
Pombo Añón, Francisco Alberto (2020). Verso e acorde: Relacións entre literatura galega e música (1960-1975). TFM, Facultade de Filoloxía, UDC. ( <a href="http://hdl.handle.net/2183/27489">http://hdl.handle.net/2183/27489</a> )
Varela, Antón. Os 20 do XX. Capítulo 2 - As Irmandades da Fala. Vídeo. ( <a href="https://vinte.praza.gal/video/os-20-do-xx-capitulo-2-as-irmandades-da-fala">https://vinte.praza.gal/video/os-20-do-xx-capitulo-2-as-irmandades-da-fala</a> )
Varela, Antón. Os 20 do XX. Capítulo 3 - Literatura e teatro. Vídeo. ( <a href="https://vinte.praza.gal/video/os-20-do-xx-capitulo-3-literatura-e-teatro">https://vinte.praza.gal/video/os-20-do-xx-capitulo-3-literatura-e-teatro</a> )

As aulas e a biblioteca son os lugares en que as/os alumnas/os teñen ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, o alumnado ten á súa disposición:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua, blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel con dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, muletas etc.).

Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. A súa realización, tamén nesta materia, constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A primeira semana do curso realizarase unha proba escrita que constará, basicamente, de dúas partes:

- Un cuestionario de preguntas sobre contidos xerais da materia tratados en niveis inferiores.
- Unha selección de textos para relacionar con nomes de autoras/es, obras, períodos, xéneros, temas etc.

Tamén se poderá engadir algunha cuestión relativa aos gustos literarios da/o alumna/o. Este dato resultará moi útil para adecuar a escollo de propostas de traballos e lecturas de acordo coas súas preferencias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	45	50	20	45	60	0	<b>37</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	55	50	80	55	40	100	<b>63</b>

### Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e traballos, o cal redonda na presenza dunha maior porcentaxe no valor das táboas de indicadores fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación un 63% a través de táboas de indicadores fronte a un 37% a través de probas escritas.

Por incompatibilidade cos procesos de avaliación non se pode incluír ningún mecanismo de suba de nota por fóra das porcentaxes incluídas para cada criterio de avaliación nin tampouco existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 1º de bacharelato non superará os 2 puntos de rebaixa.

Criterios de cualificación:

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o

núcleo da propia materia.

Segundo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 1º bacharelato lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

**Cualificación trimestral:**

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

**Cualificación ordinaria:**

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

**Cualificación final:**

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

#### **Criterios de recuperación:**

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas. Nese sentido, para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación ordinaria, a/o docente de Literatura Galega do século XX e da actualidade realizará un breve informe de avaliación individualizado.

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

1. Para facilitar a recuperación dos proxectos trimestrais, procederase do seguinte xeito:

- Ao longo do segundo trimestre no prazo establecido pola/o docente o alumnado que suspendese o primeiro proxecto (do xénero narrativo) poderá volver a entregalo para a súa recuperación.

- Ao longo do terceiro trimestre no prazo establecido pola/a o docente o alumnado que suspendese o segundo proxecto (sobre o ensaio) poderá volver a entregalo para a súa recuperación.

2. O resto de probas e entregas do curso poderán recuperarse no período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria.

3. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles de repetirse, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados, mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Este apartado non procede na materia optativa de Literatura Galega do século XX de 1º de Bacharelato.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado». Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar o seu historial académico e a información facilitada polo orientador, espérase contar cun alumno coa síndrome de Asperger. Esta síndrome forma parte dos TEA (Trastornos de Espectro do Autismo), e as persoas que a presentan teñen dificultades na comunicación social e na flexibilidade do pensamento, mais conservan unha linguaxe fluída e unha boa capacidade intelectual.

A este alumno aplicaráselle, na medida do posible, aqueles apartados presentes no "Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo" da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (2016).

Por tanto, a intervención educativa terá en conta:

- a) A súa colocación na aula preto das fontes de información (da persoa docente, do encerado etc.), tratando de evitar posibles elementos de distracción (ruído nos corredores, luces escintilantes, zonas de paso para a papeleira etc.)
- b) A eliminación da hiperestimulación visual (excesos de debuxos, mapas etc.), evitando que poida actuar como elemento de distracción.
- c) A atribución de significado a accións que non son intencionais para facelas funcionais (parar diante dun obxecto e ollalo, mirar cara a algo etc.).
- d) O uso dun horario individual onde figuren, de forma visual, a área ou materia e quen a imparte.
- e) O rexistro nunha axenda das tarefas que ten que facer e dos materiais que precisa, garantindo a coordinación do profesorado e da familia.
- f) O apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións.
- g) O uso de pautas comúns para todas/os as/os profesionais.
- h) O uso axeitado dos recursos tecnolóxicos (TIC), polo seu potencial para decodificar unha información, para estimular as distintas vías sensoriais e para motivar, todo o que facilita o procesamento cognitivo.
- i) O uso de explicacións adaptadas ao seu nivel de desenvolvemento e estratexias de encadeamento cara atrás (apoio total ao principio e ir retirando os apoios paulatinamente).
- k) O uso dun sistema de comunicación (PECS, Comunicación Total etc.) no caso de que o alumno o estea a utilizar. Para isto é necesario a coordinación coa familia e cos servizos ou asociacións que lle estean prestando apoio.

l) O desenvolvemento de habilidades de organización independente e outros comportamentos que son a base do éxito en aulas de educación ordinaria (por exemplo, realizar unha tarefa de forma independente, seguir instrucións grupais, pedir axuda etc.)

m) Cando se realicen traballos en grupo é conveniente que se formen os grupos para integrar axeitadamente este alumno.

n) Nos exames hai que asegurarse de que entenden as preguntas e que contan con tempo suficiente para realizalos.

ñ) Recoméndanse preguntas curtas, sen dobres sentidos, que esixan respostas concretas ou en caso de ser necesario, facer avaliacións orais.

Tamén esperamos contar cun alumno con disfunción auditiva ao que se lle aplicará o "Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva" da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (2019) e que, á súa vez, contará cun intérprete de lingua de signos na aula.

Medidas que se deben ter en conta:

a) Procurar ter sempre unha sonoridade e iluminación o máis adecuada posible na aula.

b) Buscar a colocación idónea do alumno con respecto ao seu profesor ou profesora e aos seus compañeiros ou compañeiras de maneira que os vexa ben, para que poida percibir o que din e participar da conversación.

c) Falar de fronte e ter o alumno preto cando se fala ou se explica ao grupo.

d) Falar cunha articulación clara, nun ton que non sexa baixo e evitar facelo con rapidez, de xeito demasiado lento ou sobrearticulado. Pór énfase na entoación.

e) Non obstaculizar a labiolectura evitando bloquear a visión da boca coas mans, bolígrafos, con bigote ou barba.

f) Intentar reducir o ruído ambiental ou aplicar dispositivos técnicos que o reduzan (emisoras F.M., bucle magnético) e tamén procurar o máximo silencio posible antes de iniciar calquera explicación.

g) Evitar o solapamento de intervencións, procurando que se respecte a quenda de palabra e indicando quen está falando en cada momento.

h) Repetir de forma máis sinxela e comprensible aquelas achegas especialmente interesantes e a proposta de preguntas directas ao alumno.

i) Empregar un calendario de anticipación no que se represente a secuencia da actividade do día. Nas actividades non previstas, procurarlle unha información continua e completa dos acontecementos.

k) Facilitar a participación activa en tarefas en pequeno grupo, en recantos de traballo, nos que se poidan desenvolver actividades de acción ou de atención conxunta.

l) Provocar situacións de conflito cognitivo para que o alumno sexa parte activa do seu coñecemento.

m) Antes de iniciar unha nova aprendizaxe é aconsellable pór o alumno en situación, por iso recoméndase:

-Utilizar vídeos, imaxes e outros materiais visuais.

- Realizar un maior número de demostracións ou actividades para que comprenda con máis facilidade.

-Relacionar os contidos das diferentes áreas do currículo para favorecer a comprensión, a organización dos contidos e a aplicación destes.

n) Adaptar, se for preciso, os tempos para a execución das tarefas.

o) Determinar os procedementos e instrumentos máis idóneos para avaliar o alumno.

p) Fomentar as relacións positivas entre alumnado ouvinte e o alumno con discapacidade auditiva, tanto dentro como fóra da aula e do centro.

Estas accións educativas son beneficiosas, en xeral, para o conxunto do grupo e non só para o alumnado con discapacidade auditiva.

Como se pode apreciar nestes dous casos, estas medidas de atención á diversidade están encamiñadas a prestar unha atención educativa inclusiva e coa maior calidade posible, e non repercuten nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación presentes no currículo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X			X	
ET.4 - Competencia dixital				X		
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				X		
ET.6 - Educación emocional e en valores		X	X			
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X		X	X	
ET.8 - Creatividade	X	X		X	X	
ET.9 - Pluralidade (lingüística)	X			X	X	

#### Observacións:

O Decreto do currículo de bacharelato establece que en todas as materias de BAC e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura do Século XX e da Actualidade de 1º, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Pola peculiaridade desta materia, a comprensión lectora e a expresión oral e escrita serán elementos tratados en todas as unidades didácticas.

Alén dos citados, tamén se contempla a pluralidade (lingüística).



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Mártires de Sobredo	No primeiro trimestre realizarase o roteiro dende a vila de Tui até a parroquia de Sobredo en Guillarei, para conmemorar o centenario dos Mártires de Sobredo. Na actividade inclúese a visita ao lugar, percorrido por aqueles espazos simbólicos nesta efeméride e lectura de poemas nun recital diante doutros centros da localidade.
Obradoiro de poesía	No segundo trimestre organizarase un obradoiro de poesía impartido por algún poeta ou poetisa actual, para que o alumnado recree un poema da súa elección utilizando os elementos e as técnicas de composición do xénero. A actividade contará coa colaboración do profesorado do EDNL, o que contribuirá a mellorar o resultado final da gravación dun videopoema. Se é posible tamén se convidará un autor/a da contorna.
Asistencia a unha representación teatral.	No terceiro trimestre asistirase ao Playdoc. A actividade contará coa colaboración do profesorado tecnoloxía.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Lectura etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.

14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
22. Mantívoose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

### Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior e cumpriuse o prazo de entrega indicado normativamente.

A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

- Introdución.
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do

mínimo de consecución para a superación da materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

Ademais, en previsión de calquera circunstancia, tipo COVID ou outras, achegouse unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto á metodoloxía e aos indicadores de logro mínimos, por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Tamén se valorou se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e adecuados.

-Incluíse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deben ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento didáctico recolléranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso e serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión que celebre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento a través da aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados